

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 20/09/2017 13:27:22
SAIDA
10502/17

D. Marcos Maceira Eiras
(Pte. da Mesa pola Normalización Lingüística)
amesa@amesa.gal

Expediente: P.3.Q/22007/17

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2017

Estimado Sr. Maceira:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente a uns sinais viarios no Concello de Gondomar.

A súa queixa foi admitida a trámite e iniciamos as actuacións oportunas ante o concello. O día 7 de setembro entrou no rexistro desta institución o informe da administración municipal no que se indica que, en relación co expediente de referencia, motivado por causa dunhas sinalizacións viarias que determinaron, segundo parece, denuncias da Garda Civil, unha no Polígono Industrial de Pasaxe e outra no acceso ao IES Terra de Turonia, a alcaldía confirma que o seu texto só está en galego polo que en próximas datas procederase a modificalos co obxecto de dar cumprimento á normativa específica.


Á vista do contido do informe, o Concello de Gondomar aplicará o artigo 138 do Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo: "As indicacións escritas que se inclúan ou acompañen aos paneis de sinalización das vías públicas, e inscricións, figurarán en idioma castelán e, ademais, na lingua oficial da comunidade autónoma recoñecida no respectivo estatuto de autonomía, cando o sinal estea situado no ámbito territorial da devandita comunidade.

Os núcleos de poboación e demais topónimos serán designados na súa denominación oficial e, cando fose necesario a efectos de identificación, en castelán".

Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe do citado concello, dedúcese que a administración afectada adoptará as medidas adecuadas conforme á normativa vixente en materia de tráfico. Esta normativa é perfectamente compatible coa lexislación invocada no escrito de queixa xa que promove o uso de ambas as linguas cooficiais, sen excluír a ningunha delas e máis nun ámbito particularmente importante para a seguridade viaria como é a sinalización.

Por todo o sinalado ata agora, en principio non parece preciso continuar a investigación iniciada como consecuencia do seu escrito de queixa, e conclúese este expediente sen prexuízo de reabrilo á súa instancia pola achega de novos datos ou circunstancias.

Agradézolle a confianza que nos demostra e reciba un atento saúdo.


Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo